

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL , A AXENCIA TURISMO DE GALICIA, A SECRETARIA XERAL DE PRESIDENCIA E O CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO PARA A EXECUCIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO MUSEÍSTICO DO MUSEO DA ENOLOXÍA DO CONDADO DE TEA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co concello de Salvaterra de Miño o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, a Axencia Turismo de Galicia, a Secretaría Xeral da Presidencia e o concello de Salvaterra de Miño para a dotación e execución do proxecto museístico na planta baixa do edificio do Museo da Enoloxía do Condado de Tea co seguinte contido:

- A Alegoría do Viño. O Viño
- Viño na Historia: Cultura antiga, cultura medieval e cultura moderna e contemporánea
- Viño en Galicia. Territorio e clima, Tipos de solo, A zona da denominación de orixe Rías baixas, as denominacións de orixe Galicia, A denominación de orixe Rías Baixas, a historia do Viño do condado de Tea
- A Vide : as partes, A folla/o froito, enfermidades mais comúns, variedades autorizadas do Rías Baixas
- Viticultuea : A plantación, O inxerto, O emparrado, A Poda: tipos, A vendimia, Calendario de labouras, etnografía
- Exterior



Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- O artigo 1 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, dispón que se crea a Axencia Turismo de Galicia como axencia pública autonómica, e terá como obxectivo impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos Camiños de Santiago.

Segundo.- Que á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de conformidade co disposto polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, correspóndelle o exercicio das competencias que a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, atribúe á persoa titular da consellería de adscrición respecto da entidade pública instrumental adscrita, así como aquelas que lle atribúan os estatutos da propia Axencia Turismo de Galicia.

Así mesmo, o Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, atribúe a este departamento, a través da Dirección Xeral de Administración Local, o exercicio das competencias relativas á elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de administración local.

Terceiro.- Que AGADER é un ente público da Xunta de Galicia que promove e coordina o desenvolvemento rural en Galicia. Este desenvolvemento ten como finalidade mellorar a calidade e as condicións de vida dos habitantes do medio rural, e contribuír á cohesión do territorio galego.

Cuarto.- Os concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, teñen competencias en materia de turismo, redactado polo número 8 do artigo primeiro da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e



sustentabilidade da Administración Local, que inclúe no apartado h) do parágrafo 2 como competencia propia dos municipios a “información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local”.

Quinto.- O Museo da Enoloxía do Condado do Tea está levantado nunha edificación de propiedade municipal situada no casco urbano, no concello de Salvaterra de Miño, capital do viño do Condado do Tea, que comprende os concellos de Salvaterra de Miño, As Neves, Arbo, Crecente, Cañiza, Pontearreas e Salceda de Caselas.

O número de viticultores nesta sub-zona é na actualidade duns 1.500, aproximadamente, con máis de 1.000 hectáreas de superficie cultivada coas castas de Alvaríño, Treixadura, Loureira e outras en blancos e Sousón e Mencía que supoñen a parte maioritaria en variedades tintas.

A importancia deste museo para a zona é relevante, posto que dará a coñecer e porá en valor os viños e a súa elaboración, constituíndo un recurso turístico relacionado co viño como elemento característico da zona.

Destaca a celebración da Festa do Viño do Condado de Tea, que este ano celebra a súa LIX edición, sendo unha das festas do viño máis antigas de España.

Que a través deste convenio, outórgase ao concello de Salvaterra de Miño unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.



E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

